



**ME
MO
RIA
2020**



2020. RETOS E EXCEPCIONALIDADE

Coop57 sempre se definiu como unha ferramenta ao servizo das súas socias. Un instrumento para a transformación social e a construción dunha economía pensada para as persoas, as comunidades e os territorios.

2020 esperábase con retos diversos para a cooperativa. Estaba previsto celebrar o vixésimo quinto aniversario de Coop57 e o 3ª Encontro Xeral de socias, retomando o camiño do último, celebrado en Zaragoza, no ano 2015.

A implosión dunha crise sanitaria e socioeconómica, por mor da pandemia da Covid-19, alteraron os plans, dentro e fóra de Coop57. Foi máis importante que nunca lembrar quen somos e para que existimos.

ADAPTARSE AO INESPERADO

Coop57 traballa desde a proximidade e a presenza no territorio, cun trato próximo que pon en valor unha relación de confianza mutua. **A irrupción da pandemia truncou esa presencialidade.**

Foi un momento de adaptación ao inesperado, de poñer en marcha mecanismos novos de traballo tanto por parte do equipo técnico da cooperativa, como por parte das comisións e órganos políticos que compoñen Coop57. Habilitar o teletraballo, a pesar dos impedimentos técnicos e organizativos, foi unha das tarefas principais de reacción á pandemia.

Esta memoria resume a actividade do ano, con algúns dos datos, informacións e actividades máis destacadas.

DAR RESPOTA

Durante todo o ano, Coop57 traballou intensamente para responder as necesidades das socias colaboradoras e de servizos, e tamén do conxunto das entidades da economía social e solidaria que necesitaron apoio.

Nun tempo récord, adaptáronse os procesos políticos, sociais, económicos e técnicos á nova realidade, sen diminuír os estándares democráticos, éticos e de rigor financeiro.

Activáronse todos os mecanismos de solidariedade e autogestión cooperativa. Traballouse desde a intercooperación, o apoio mutuo e a horizontalidade. Reforzáronse as alianzas e establecéronse novos espazos de traballo comunitario. Traballáronse novos acordos, con varias entidades, para mancomunar o risco e poñer en marcha novos instrumentos financeiros.

En dous meses, refinanciáronse máis de 100 préstamos por valor de máis de 4,5 millóns de euros, aprazando a devolución das cotas ata que se puidese reverter a situación.

Igualmente, o funcionamento ordinario continuou tanto as altas de socias colaboradoras e as achegas de capital, como a avaliación e aprobación de novas socias de servizos e a concesión de novos préstamos. **Desde a conciencia e a responsabilidade do momento, fíxose todo o posible para dar resposta.**

*En dous meses,
refinanciáronse máis de
100 préstamos por valor
de máis de 4,5 millóns de
euros*



BASE SOCIAL


Durante o ano 2020, Coop57 tivo un aumento substancial de socias. Tanto polo que se refire ás persoas particulares, como ás organizacións da Economía Social e Solidaria, moitas decidiron **poñer en práctica o seu compromiso coas finanzas éticas.**

Sumáronse **404 socias colaboradoras** e **79 socias de servizos**. Nunca antes se acadaran tantas altas nun ano. Ademais, excedeuse unha cifra récord: **máis de 1.000 socias de servizos xa forman parte de Coop57!**


A finais de 2020, a cooperativa está conformada por 5.689 socias, das cales 4.688 son colaboradoras e 1.001 son de servizos.



TIPOLOXÍAS DE SOCIAS DE SERVICIOS




SECTORES DE ACTIVIDADE DAS SOCIAS DE SERVICIOS



Datos a 31 de Decembro de 2020

Distribución de socias no territorio

Socias de servizos




TOTAL

1.001

Andalucía	83
Aragón	62
Asturies	20
Catalunya	646
Euskal Herria	39
Galiza	48
Madrid	93
País Valencià	10

Socias colaboradoras



TOTAL

4.686

Andalucía	314
Aragón	461
Asturies	72
Catalunya	2.957
Euskal Herria	159
Galiza	167
Madrid	454
País Valencià	102

ACORDOS DE INTERCOOPERACIÓN

Compartir o risco para aumentar a resposta

Para soster de maneira compartida e mancomunada os riscos asumidos na actividade crediticia, Coop57 asinou, ou ampliou, varios convenios e acordos con entidades e institucións durante o ano 2020.

Fondos de financiamento municipal

Son un mecanismo que se traballou desde Coop57 co obxectivo de que as administracións locais compartan fondos de garantías mancomunados. Nos últimos anos, asináronse dous convenios de colaboración: **Concello de Barcelona** e **Concello de Mataró**.

Sociedades de Garantía Recíproca

As Sociedades de Garantía Recíproca (SGR), teñen por obxectivo a prestación de avais co fin de facilitar o acceso ao financiamento de entidades. No noso caso, destinado a organizacións da Economía Social e Solidaria. Actualmente, Coop57 ten operacións asinadas con **Elkargi**, **Avalis** e **AvalMadrid**.

FEBEA e Instrumento de Garantía EaSI

Durante este ano, activáronse as alianzas europeas. Coop57 asociouse a **FEBEA**, unha federación europea de finanzas éticas e alternativas con entidades de 15 países. Así mesmo, iniciouse a participación no programa de garantía **EaSI**, promovido polo Fondo Europeo de Investimentos, que garante parte dos préstamos concedidos por Coop57.

Outros acordos e garantías

Por unha banda, Coop57 e a **Fundación Seira** pecharon varios acordos para apoiar o financiamento do cooperativismo en Catalunya, con liñas específicas de préstamos achegadas por parte da cooperativa e cun fondo de garantías a cargo da fundación. Doutra banda, aprobouse unha proposta de acordo coa rede vasca **Olatukoop** para constituír liñas de financiamento que contén con mecanismos de garantías colectivas.

PRÉSTAMOS



A actividade ordinaria de Coop57 adaptouse á situación excepcional da crise social, sanitaria e económica actual. **Neste sentido, as necesidades de financiamento das socias de servizos da cooperativa requiriron flexibilidade, rapidez e imaxinación para dar resposta.**

As tensións financeiras e de liquidez, ocasionadas pola crise da covid19, xeraron novas necesidades. Por iso, desenvolveuse unha nova tipoloxía de préstamo para afrontalas: **o préstamo de tesourería**, que permite establecer carencias e prazos bastante amplos de devolución para que as entidades poidan asumir o endebedamento financeiro e á vez seguir desenvolvendo a súa actividade.

Igualmente, Coop57 sempre traballou para ser unha ferramenta forte e solvente. Afortunadamente, Coop57 tiña un traballo longo de **asegurar a solidez financeira do proxecto** e de construír unha estratexia para compartir riscos con outras entidades e institucións, que tamén traballan polo fortalecemento da economía social e solidaria. E todo iso, non pensado para o curto prazo, senón proxectando cara ao futuro e pensando nos retos que poden acontecer, para prever as posibles afectacións para as socias de servizos.

Con todo iso, en 2020 concedéronse 271 novos préstamos, por un valor total de 17.568.907 euros.


PRÉSTAMOS

TIPOLOXÍAS DE PRÉSTAMOS

TOTAL IMPORTE PRÉSTAMOS 2020 POR TIPOLOXÍA

Préstamos de investimento e capitalización	3.909.790,06 €
Préstamos de vivenda e adquisición de locais	1.546.000,00 €
Préstamos de tesourería e pólizas de crédito	7.349.914,98 €
Avance de subvencións e facturas	3.744.940,46 €
Préstamos de enerxía	1.018.261,93 €
TOTAL	17.568.907,43 €

SECTORES DE ACTIVIDADE



ASEMBLEAS



As asembleas de Coop57 son os espazos decisorios máis importantes da cooperativa. É o momento no que o conxunto das socias, persoas e entidades, reúnen para avaliar, render contas, presentar plans de traballo e votar as propostas.

En febreiro de 2020 puidéronse celebrar de forma presencial, en cambio, as asembleas de principios de verán requiriron pór en marcha, desde cero, unha estratexia para facelas virtualmente. Froito deste traballo implementouse a plataforma "Participa Coop57".

Esta plataforma permitiu xerar un espazo de almacenamento da documentación e vídeos preparatorios, a retransmisión en directo coas persoas que conduciron as asembleas e tamén, por suposto, establecer un sistema seguro de votación.





PARTICIPA COOP57

A plataforma "Participa Coop57" está construída con software libre e código aberto. Proporciona ferramentas dixitais para procesos participativos e de democracia directa.

Deseñouse cunha mirada a longo prazo. A pesar de que o obxectivo para 2020 foi desenvolver unha ferramenta para as asembleas xerais, detectáronse dúas potencialidades de fronte ao futuro:

- Espazo permanente de participación da base social: pode converterse nun instrumento de participación estable e permanente.
- Asembleas de dobre sede: cando sexa posible celebrar as asembleas presenciais, se se habilita a participación virtual, pódese fomentar e aumentar a asistencia. Á vez, pode permitir facer máis descentralizada a asemblea e con menos restricións territoriais.

KOOP57 EUSKAL HERRIA OHIKO
BATZAR NAGUSIA

CONTAS 2020

Conta de resultados

INGRESOS	916.544,44 €
Ingresos de préstamos	843.937,18 €
Intereses depósitos e participacións	7.671,41 €
Outros ingresos de explotación	43.200,47 €
Exceso de provisións para préstamos	16.308,26 €
Ingresos extraordinarios e doutros exercicios	5.427,12 €

GASTOS	817.798,66 €
Gastos de persoal	397.301,31 €
Servizos externos	115.523,79 €
Dotacións para amortizacións	18.831,58 €
Provisións	215.490,08 €
Remuneración achegas socias	42.434,88 €
Outros gastos	7.360,11 €
Pago por depósitos bancarios	2.088,83 €
Custo fondos de avais	6.768,08 €
Compensación puntual COVID-19	12.000,00 €

Excedentes antes de variables	98.745,78 €
Paga Variable (15%)	14.811,87 €
Doazón Fundación Coop57 (10%)	9.874,58 €
Proxectos seccións territoriais (10%)	9.874,58 €

Excedentes antes de impostos	64.184,76 €
-------------------------------------	--------------------

A conclusión máis importante que podemos extraer das contas anuais do exercicio é que, a pesar da excepcionalidade do 2020, **tanto os ingresos como os gastos mantivéronse nunhas magnitudes parecidas ás previstas a principios de 2020 e puidéronse manter os excedentes previstos.**

Isto significa que Coop57 puido adaptarse e manter a súa actividade dando resposta ás persoas e entidades socias nun contexto cambiante e incerto.

CONTAS 2020

Balance de situación

ACTIVO	47.694.368,14 €
Inmovilizado intangible	640.278,97 €
Inmovilizado material	981.429,36 €
Investimentos financeiros de patrimonio	577.051,88 €
Créditos concedidos a longo prazo	14.239.414,22 €
Créditos concedidos a curto prazo	10.666.395,09 €
Provisións por créditos	-622.665,48 €
Debedores e outras contas para cobrar	360.249,96 €
Tesourería	20.851.296,07 €
Periodificacións	918,07 €
PASIVO	47.694.368,14 €
*Capital obrigatorio socias servizos e colaboradoras	2.485.086,25 €
*Fondo de garantías de préstamos	427.135,83 €
*Reservas	455.811,92 €
*Resultados antes de impostos	64.184,10 €
Total fondos propios*	3.432.218,10 €
Fondo de educación e promoción	22.027,05 €
Pasivo non corrente (longo prazo)	43.752.954,57 €
Pasivo corrente (curto prazo)	487.168,42 €

A mediados de ano, fíxose unha revisión do orzamento para poder adaptar as partidas ás **novas necesidades xurdidas da situación pandémica**, o teletraballo e as necesidades cambiantes das socias.

En canto ao balance, púidose dar continuidade aos últimos anos e mantense un balance equilibrado e solvente para seguir afrontando os retos de futuro.

O ANIVERSARIO PENDENTE

Un cuarto de século de Coop57

“O ano 2020, Coop57 cumpría 25 anos ao
servizo da transformación social.
O aniversario, como tantas outras cousas,
quedou paralizado pola pandemia”

Mirando atrás para seguir adiante. Hoxe toma aínda máis sentido e forza todo o que construíu Coop57 colectivamente, desde marxes e tanxentes, durante as últimas décadas.

Que este ano Coop57 cumpra 25 anos tamén merece unha reflexión e un agradecemento a todas vós. Non se puido celebrar como estaba previsto, pero si como Coop57 sabe: dando respostas sólidas, duradeiras e solidarias. **Si, as redes construídas onte, antes dos despois, serven, como nunca, para o presente. E para o mañá. Para iso serven as redes, nin máis nin menos. Para non caer nunca.** Cómpre dicilo: non falamos de construír alternativas. Xa existen. Falamos de estendelas, alargalas, reforzalas, amplialas. **Hai tempo que as facemos posible ante o seu mundo imposible.**

A capacidade, anticipada e precursora, dos últimos vinte e cinco anos, de economía social e solidaria nos nosos territorios, cultivaron sementes que van arraigando e que, por sorte, hoxe déixannos menos indefensas. Que serviron para dar respostas urxentes hoxe en clave de mañá. **Queríannos soas e reencontráronnos sempre xuntas. Nesta crise, tamén.**

Tampouco nos inventabamos nada de novo. Máis que unha “nova normalidade” urxe o regreso á antiga solidariedade, a vella decencia e o mellor sentido común, comunitario e cooperativo. Basicamente, o que sempre nos permitiu convivir en común. Saír desta, si, non será fácil, pero incomparablemente máis difícil será non facelo.

Non esquecemos que queda pendente a celebración do 25º aniversario de Coop57. O que terá valor será volvernosa a atopar para celebrar a vida. Para celebrar que nos poderemos volver saudar e a abrazar. **Para celebrar que os proxectos colectivos son a clave que abre as portas máis difíciles.**

IMPACTO DIXITAL



@lacoop57
2.900 seguidoras



@coop_57
20.666 seguidoras




@lacoop57
2.000 seguidoras



@Coop57Catalunya
14.562 seguidoras

ESTADÍSTICAS DA WEB (en miles)




USUARIAS

- 80.694 usuarias novas
- 80.281 usuarias

VISITAS

- 273.677 páxinas visualizadas
- 2,60 páxinas/sesión

ME
MO
RIA
2020



WWW.COOP57.COOP



[lacoop57](https://www.facebook.com/lacoop57)



[@lacoop57](https://www.instagram.com/lacoop57)



[@coop_57](https://twitter.com/coop_57)